

Nome: \_\_\_\_\_ Veículo: \_\_\_\_\_

Descrición xeral do dano: \_\_\_\_\_

Táboa de referencia sobre a toma de información da INSPECCIÓN VISUAL.

PREDIAGNOSTICO VISUAL	
Estado xeral <ul style="list-style-type: none"> <li>- Augas</li> <li>- Plano do solo</li> <li>- Foluras</li> <li>- Axustes amovibles.</li> <li>- Etc.</li> </ul>	
Capó aberto <ul style="list-style-type: none"> <li>- Ptos defom. precalc., etc</li> </ul>	
Portón aberto	
Habitáculo <ul style="list-style-type: none"> <li>- Instrumentos, cintos, etc</li> </ul>	
Vehículo elevado <ul style="list-style-type: none"> <li>- Partes inferiores</li> </ul>	
Golpe forte: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Revisión do interior en profundidade.</li> </ul>	
Compás de varas <ul style="list-style-type: none"> <li>- No caso, confirmar ou descartar deformacións</li> </ul>	
Conclusións <ul style="list-style-type: none"> <li>- En función de presuposto previo/definitivo, reparabilidade, pezas a substituir, pezas a reparar, etc.</li> </ul>	

Táboa referencia para ir valorando o alcance do dano:

Elementos deformados	Elementos que poden estar deformados	Comprobacións a realizar

### Táboa de listado de pezas danadas

[illegible]

## DESENVOLVIMENTO DOS PASOS A SEGUIR PARA REALIZAR UN PREDIAGNÓSTICO VISUAL DUNHA COLISIÓN.

A inspección visual comezará afastándose un pouco do vehículo, dando unha volta ao seu arredor, fixándose no estado xeral da carrocería e deducindo como se produciu a colisión e as zonas afectadas. Observe á contra luz os bordos das aletas, as posibles augas do teito e do capó, así como as zonas onde se encontre a pintura saltada.

Compare o plano do chan cos baixos da carrocería e determine se existe un posible reforzamento. Para confirmar esta observación fíxese na distancia existente entre o oco da aleta coa roda e compárea co oco do outro lado.

A continuación, sitúese máis preto do vehículo, para observar e medir as distintas folguras e os desniveis existentes entre os elementos da carrocería como: capó, portas, piares, aletas, portón, etc. comparándoas coas cotas do manual de reparación do vehículo.

As portas están suxeitas polas bisagras que, á súa vez, están ancoradas nos piares de forma que, en caso de deformación, as luces entre a porta e os elementos que lles rodean variará. Abra e peche a porta observando o seu desprazamento e que se axusta correctamente, ou asegúrese de que efectivamente existe variación das luces.

Observe de igual forma as luces do capó e do portón traseiro, abríndoo e pechándoo para comprobar que funciona correctamente.

Abra o capó e consulte no manual de reparación os puntos de deformación precalculados que son os primeiros en deformarse durante un accidente. Se xorden dúbidas, pase a man pola zona e confirme se existen dobras ou abolladuras.

Hai que ter en conta que nunha colisión se poden producir danos indirectos como consecuencia da inercia dos obxectos pesados que están ancorados sobre monturas de gomas. Cando se produce unha colisión, o motor, a caixa de cambios e os elementos máis pesados desprázanse en sentido contrario á forza que provoca o golpe, podendo deformar os soportes de ancoraxe ou golpear a zona adxacente. Revise con detenimento estas zonas.

Abrir o portón e observar se se produciron danos ocasionados pola equipaxe que, ao igual que no caso anterior, se desprazase por efecto da colisión, golpeando as paredes do maleteiro (Se a colisión foi moi forte, tamén se poden producir deformacións como consecuencia da propia inercia do vehículo, que tende a manter a posición que tiña antes de producirse a colisión. Observe as xuntas de unión entre elementos. Se os seladores se encontran agretados, é síntoma dunha posible deformación ou tensión acumulada.

Se a colisión foi moi forte, non esqueza revisar o habitáculo os propios pasaxeiros puideron provocar danos nos asentos, o taboleiro de instrumentos ou o volante.

Comprobar que o cinto de seguridade funciona correctamente e, se é un vehículo con pretensor pirotécnico, asegurarse de que o seu mecanismo se encontra correctamente, ou pola contra, que saltou.

Elevar o vehículo e revisar os puntos de deformación precalculados. Pase a man polos longueiros e observe se existen abolladuras ou dobras. Sempre é máis doado detectar estes síntomas na zona cóncava, xa que no outro lado aparecerá unha curva máis suave e difícilmente.

Se se observa deformación nos longueiros ou na plataforma, baixe o vehículo e retire as alfombras do habitáculo e do maleteiro para realizar unha inspección visual desta zona na que se pode ocultar danos.